

Lorenzo Baleirón en *Grial*

Salvador Lorenzana

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LORENZANA, SALVADOR (2011 [1987]). “Lorenzo Baleirón en *Grial*”. *Dorna*: 12, 59-60. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/101>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LORENZANA, SALVADOR (1987). “Lorenzo Baleirón en *Grial*”. *Dorna*: 12, 59-60.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

MEMORIA DUN POETA AMIGO: IGLESIA ALVARIÑO

Francisco Fernández del Riego

Adícaselle este ano o “Día das Letras Galegas” a unha das figuras máis representativas da nosa poesía contemporánea. Aquilino Iglesia Alvariño foi unha voz alta e profunda entre as voces do seu país; unha voz que cantou tódalas lembranzas e tódolos anceios. O propio poeta dixera que a poesía é un esforzo doloroso polo afán de arrodear, de encher, de eternizar as cousas. Isto unhas veces, porque outras é só a gracia de sorprender o tremor do anxo que removía a fonte de Silos, sen saber como nin cando... E Iglesia Alvariño pensaba aínda se non se trataría dun xogo nunca deprendido, no que as palabras son algo maravilloso, ceibadas da rodeira de pensar de cada día.

Viña o poeta dunha raizame campesina clara. Nado na aldea de Seivane, na alta terra luguesa, aprendeu nela o vivo amor que sempre sentiu pola lingua materna. Os estudos que fixo no Seminario mindoniense, iniciárono na formación humanista que completaría máis tarde. Foi daquela cando se deu a coñecer co seu libro primeirizo *Señardá*. O seu canto era aquí pura oración, forte aberta e renunciamento. Hai nestes sonetos da súa mocidade, como matiz dominante, unha melancolía tremelante e fina. E hai tamén unha anguriosa tristura, unha prematura e callada canseira espiritual. Os medidos versos traducen unha fonda nota de saudosismo entrañable.

Pero era esta a voz xuvenil, coa que o poeta entraba no mundo da lírica galega. Despois, o ton desa voz soou con outros rexistros. A súa vida decorreu tamén por outros ambientes. Abandonou os estudos eclesiásticos cando xa estaba a piques de os rematar, e publicou un dos seus libros máis significativos: *Corazón ao vento*. Nos seus poemas entretécense os camiños da montaña natal, os carreiros da noite aldeá, a tristura infinda e a ledicia sublimada de tódalas cousas, coa súa alma aberta a unha humilde grandeza. O poeta parecía, todo el, un corazón a se desfacer en cancións...

Desde as terras de Abadín, encumiadas e labradoras, o poeta baixou ás ribeiras da mar de Arousa. E en Vilagarcía encetou unha nova xeira, consagrada ao exercicio do ensino privado. Iglesia Alvariño viviu aquí anos fecundos, de traballo e de creación. As prensas de Buenos Aires editáronlle un volume de versos en castelán: *Contra el ángel y la noche*. Posteriormente, impreso nun modesto obradoiro da vila da súa residencia, apareceu a obra de maturidade: *Cómaros verdes*.

Pero o poeta non se limitou só ao labor creador. A súa devoción polos clásicos latinos, a súa familiaridade con eles, inducírono a verquelos na canle case virxe da fala propia. A súa tradución dos *Carmina* horacianos constituíu un belo logro, onde puxo a proba o seu bo coñecemento do Venusino, tanto coma o seu dominio da lingua galega.

O autor de *Señardá* fíxose agora catedrático de Instituto. Profesou primeiro no de Lugo, e explicou despois Latín en Pontevedra e Santiago. Cando remataba de dobrar a curva do medio século, editou, sucesivamente, como se presentise

o fatal desenlace, tres libros de poemas: *De día a día*, *Nenias*, e *Lanza de soledá*.

Conformara xa o poeta, en plenitude, un mundo de limpas resonancias. Por mor da súa enxebre, sensible intelixencia, chegou a adquirir o punto xusto de equilibrio que fixo auténtico e vixente o seu concerto de voces, formas e cores. Posuía, ademais, o xenio da fala, dun xeito natural, espontáneo, e unha incontestable sabiduría formal.

Nalgunhas das súas *Nenias* –as adicadas a Catulo, a Hölderlin, a Ponal, a Carles Riba–, Iglesia Alvariño acadou miolares efectos poéticos. Pero a súa inspirada expresión afinouse máis no contacto coa paisaxe natal. Nun sinxelo dístico deunos esta condensada imaxe das abidueiras montañasas:

“Pastoriñas dos montes, nas caivancas,
ó longo dos regatos, e nas veigas”.

O vento do ermo mídese coa fermosa medida destes versos:

“Os seus bicos sabían a queirogas,
a rosadas e xestas de Valiño,
con froles e niños de xemexeme”.

Difícilmente atopará a hora outonal da nosa montaña, versión máis axeitada cá que o poeta atinxiu cando di:

“Mirade esta mañá fría, de outono
cos derradeiros peros no pereiro,
coas primeiras peras regañadas.
No é rechouchío tolo de San Xoan”.

Nin a néboa montañesa, máis limpa evocación que a que trascende desta agarimosa chamada:

“Brétema,
canción noviña,
auga de poema que mana e canta,
ven”.

Da poesía de Iglesia Alvariño pode dicirse, entre outra cousas, que nunca se perde no recendo. Non se evade o poeta, nin se distrae no xogo de enganifas alusivas. Crea un mundo en cada poema, co mesmo peso grave que foi escollido como medida común de todo un facer poético: Respetando a preclara obxectividade que lle deu carácter e forma; introducindo a tempo o ventear de soño e aspiración que a socaba e a salva; preservando, intacta, toda a súa anguria e toda a súa esperanza.

Unha fonda sinceridade campea nos libros do poeta que finou prematuramente en Compostela. Das súas páxinas trascende a sustancia dun duro céspede de cores frescas, recién nadas, na que arraíza a intimista sensibilidade que o singularizaba. Soubo Iglesia Alvariño captar o penetrantemente incorpóreo, o ánimo misterioso só asequible ao rexo percibir poético. E soubo expresalo logo a través dun enxebre lirismo, con natural linguaxe de seu; unha linguaxe que xorde non co propósito de sobrancear o ricaz vocabulario empregado, senón pondo este –con dócil arte– ao servizo da expresión literaria.

A fala galega tivo nel, sen dúbida, un mestre singular. Creando e traducindo, Iglesia Alvariño evidenciou este mestrado. Pero o seu amor á lingua manifestouno tamén a través do seu autorizado labor de lexicógrafo. Nunha paciente e ardua laboría de anos, o autor de *Cómaros verdes* papeleou os textos literarios e os documentos na fala natal, perseguindo teimosamente o rastro dos vocábulos por tódalas comarcas do país; recolleunos da voz viva do pobo, da paremia e do cantar. No despacho da súa casa santiaguesa permanecen aínda inéditos rimeiros de fichas, un grande tesouro lexicográfico co que tencionaba nutrir un Dicionario da nosa lingua ao que lle adicou tantas ardencias.

Aquilino Iglesia Alvariño finou aos 52 anos de idade. Co seu pasamento perdeu Galicia un dos seus calificados valores contemporáneos. Era un docto profesor, e un poeta tranquilo e recoleto. A súa voz tiña un ton, e por eso quedou. Era unha voz nobre, cun acento nacido dunha vida auténtica, profunda, e cerneamente humana.